



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

**NÚMERO 9/17  
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2017.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trinta e un de agosto de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zelta Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Corelo, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimúndez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Carlos Pérez González. Non asiste o sr. D. Ramón Rodríguez Ares. Está presente a sr. Interventor D. Jaime Presas Beneyto. -

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Posta a disposición da Xunta de Galicia de terreos para as obras de execución de beirarrúas na estrada AC-163.-**

O sr Secretario da lectura do Diame da Comisión Informativa do 28 de agosto, que foi complementado coa proposta de acordo de alcaldía da mesma data, que se transcribe a continuación:

*“Dada conta do escrito remitido pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 27 de xullo de 2017 e con rexistro de entrada o 28 de xullo de 2017 (nº 61335), no que se remitiron a fichas necesarias para que o Concello puidese acordar cos propietarios a cesión das parcelas, para os efectos de realizar a execución de sendas peonís e ciclistas na estrada de titularidade autonómica AC-163 en Fontán no treito Pq 1+280-1+840.*

*Considerando que a dita actuación é de interese municipal, o que permitirá unha maior seguridade peonil, así como un fomento da mobilidade sositible con respecto ao transporte mediante bicicleta, esta Alcaldía no marco dos deberes de colaboración entre as Administracións Públicas sinalados nos artigos 141 e 142 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, somete para a súa toma en consideración polo Concello Pleno a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO**- *Poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos para as obras de execución de beirarrúas na estrada AC-163, relativas á execución de sendas peonís e ciclistas, achegándolle as actas de cesión que se teñan suscritos cos correspondentes propietarios.*

**SEGUNDO**- *Facultar a Alcaldía para realizar todos os trámites precisos para o desenvolvemento deste acordo, incluída a remisión á Xunta de Galicia das actas que se vaian subscribindo con posterioridade ao mesmo e a posta a disposición dos terreos.”*

O sr Gómez informa de datos erróneos nos documentos de cesións dos propietarios ó falarse de “beirarrúas” no lugar de “sendas peonís” e de “aliñacións” cando se trata de solo rústico, onde estas foron suspendidas coas normas provisionais da Ordenanza número oito.

Pregunta o sr. Gómez se están dispoñibles tódolos terreos das cesións, ó que resposta o sr. Alcalde que non.

Continúa o sr. Gómez preguntando quen son os herdeiros de Ramón García Caramés, xa que nos documentos de cesións aparece unha firma pero non se sabe quen é, xa que non se acredita a representación, polo que non se poderían ceder eses terreos.

Pregunta o sr. Gómez quen é o órgano responsable para a aprobación do expediente de cesións ó que contesta o secretario accidental que, segundo os artigos 21 e 22 da lei de bases de réxime local e pola Disposición Adicional 2ª da Lei de Contratos do Sector Público sería competencia do Alcalde, sen necesidade de traelo a Pleno, aínda que pode facelo.

O sr. Gómez adianta o voto favorable do seu grupo político á proposta.

A sra. Bolaño polo GM socialista adianta o sentido favorable do seu voto.

O sr. Anido adianta a abstención do seu grupo político á proposta, dado a falta de informes de secretaría ou intervención que o avalen, a falta de rigorosidade na convocatoria da Comisión Informativa, ademais da falta de información ós veciños nos documentos de cesións dos terreos, planos, aproveitamento urbanístico, tipo de cesión. Expressa que non teñen coñecemento do proxecto.



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

O sr. Alcalde fai unha cronoloxía de todo o expediente para explicar o contido da proposta e infoma da existencia duns fondos europeos para a mobilidade sostible e que a Galicia lle toca unha pequena parte dos mesmos en comparación coas necesidades dos concellos. O Concello, a petición da Xefatura de Servizo da Consellería de Infraestrutura e Vivenda da Coruña fixo un diagnóstico das zonas que se consideraran con gran demanda de sendas peonís, que foron a AC-163 en Fontán, Carnoedo e Veigue, a AC-183 na altura de Meirás e na AC-162 non porque remata case en Bergondo. Decidiron incluír nesta primeira fase este tramo da AC-163, onde o Concello incluíu uns cambios no proxecto. Informa o sr. Alcalde dunha reunión convocada o 6 de febreiro cos propietarios dos terreos afectados que puideron asistir, onde tiveron información plena de ata onde ían chegar as cesións e como ían quedar coa aplicación das normas subsidiarias do 97, da Ordenación Urbanística Provisional e do PXOM e algúns veciños asinaron inmediatamente os documentos da cesión e outros non, dado a reticencia lóxica dos mesmos pola novidade neste concello deste procedemento. Informa tamén que, de ser o caso de non obter tódalas cesións, procedérase á solicitar á Xunta a ocupación forzosa dos terreos, aínda que o mellor sería conveniar cos veciños a cesión.

O sr. Anido infoma da posición do seu grupo político a favor da construción da senda peonil, pero non da xestión e tramitación por parte do goberno do expediente, por iso a abstención na votación.

O sr. Alcalde infoma da voluntariedade por parte do concello para a realización dos trámites de cesión dos propietarios, ante as dificultades que estaban a ter na Xunta na súa tramitación.

Procédese á votación da proposta, e acórdase por maioría, con nove votos a favor (concelleiros dos grupos municipais de Sadamaioiría, PSDG-PSOE, BNG e PSDP) e sete abstencións (concelleiros do grupo municipal do PP) proceder ó disposto na proposta de acordo da alcaldía.

### **Control de Órganos de Goberno:**

#### **2º.- Informes e comunicacións.**

A Concelleira de Cultura e Praías María Pardo da un informe xeral das festas, que ó seu parecer resultaron moi satisfactorias ó querer cambiar a tendencia nos últimos tempos e programar actividades eminentemente familiares tódalas fins de semana do verán, integradas nas ruínas de Sada.

En termos económicos, o investimento máis relevante que se fixo nesta programación estival foron as contratacións das orquestras para as verbenas supoñendo 53.240 euros, íve incluído, e o segundo foi a contratación do Grupo as Sweet California, que supuxo 42.350 euros, íve incluído.

Informa a sra Pardo da recadación imputable directamente ás Festas, efectuada nas tres sardiñadas, e nas licitacións das barras da Feira Modernista e das Festas Patronais que foi duns 26000 euros, o que supón un incremento dun 55% con respecto á recadación do ano anterior.

Destaca a sra. Pardo os eventos que se fixeron por primeira vez este ano e se repetirán o vindeiro por ter unha grande aceptación como a Festa do Inicio do Verán, a Concentración de coches clásicos “Clásicos en Ruta”, os Desfiles de Cabezudos, a Festa Infantil fóra dos días de festas patronais, o ciclo de “Cine Baixo as Estrelas” e o Día da Xuventude que foi unha aposta persoal da Concelleira de Educación, Xuventude e Saúde. Exprésaa a sra. Pardo do seu desexo de dotar partidas para a Xuventude, para atraer á mocidade de Sada e apostar por eles.-

#### **3º.- Mocións.-**

Non hai ningunha moción de urxencia presentada.-

#### **4º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez pregunta ó sr. Alcalde se lle vai contestar a tódalas preguntas que lle fixo no que vai de lexislatura ó que lle contesta que si.

Pregunta tamén o sr. Gómez se ten pensado crear unha ordenanza fiscal para regular a circulación de cuatriciclos no carril bici ó que contesta o sr. Alcalde que non poden calificarse como cuatriciclos os vehículos ós que se refire o sr. Gómez e que circulan actualmente polo carril bici ó que contesta o mesmo dando lectura á Instrución da 16/V124 de Normas de Tráfico en canto os permisos necesarios por parte da autoridade municipal para a circulación dos mesmos.

Pregunta o sr. Gómez ó sr. Alcalde se sabe si ABANCA vendeu o Hotel Sadamariña ó que contesta o sr. Alcalde que non teñen confirmación oficial por parte de ABANCA.

A sra. García manifesta a súa opinión de que a Feira Modernista non estivo á altura da implicación da xente, quitando o moi demandado carrusel, a carpa acendida, con erros na publicidade do desfile de coches clásicos, cambio na data de celebración da feira e aníma á inversión na celebración das festas para mellorar as mesmas e que sexan outra vez atraentes para os veciños e turistas.

A sra. Pardo explica o erro na publicidade da data de celebración en sábado do desfile de coches clásicos e a súa imposibilidade de celebración pola coincidencia co Feirón. Tamén explica a non participación do carrusel na feira por propia iniciativa da empresa que o posúe, que é privada e o cambio de data na celebración das festas para non coincidir coas festas patronais do concello.



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

O sr. Montouto explica o por que non se instalou a capa acendida, que foi a condición o ano pasado por parte da Dirección Xeral de Patrimonio de cambiar a ubicación da mesma en anos seguintes.

O sr. García pregunta como está o rogo feito hai un mes para a axilización do arranxo da zona das Brañas, e se está redactado o Plan Especial correspondente á zona de actuación do sistema xeral de espazo libre 06-31, ademais de que informa que no Plan Xeral falta a ficha de acción de dicha zona e que está repetida a do espazo 06-21.

O sr. Montouto explica que ese erro material se corrixiu no Pleno anterior e que non se pode desenvolver un Plan Especial sen ter aprobado o Plan Xeral.

O sr. Tellado reitera a solicitude e de acceso e copia feita o 14 de xullo con rexistro de entrada nº 5814 a tres expedientes de contratación de proxectos próximos no tempo e coincidentes no mesmo adxudicatario, polo procedemento de negociación por un importe de 15.000 €, e pregunta cales foron, neste caso, as circunstancias excepcionais e extraordinarias para que, no prazo dun mes, encargaran tres proxectos de obras dependentes da mesma concellería á mesma empresa. A sra. Bolaño di que se lles contestará por escrito, aínda que xa o comunicou ó voceiro do PP que nese escrito pediase a documentación da adxudicación da contratación das obras, cando non hai tal contratación e si unha prestación de servizos pola redacción dos proxectos.

O sr. Alcalde anuncia a celebración a próxima semana dunha Xunta de Goberno Local onde se anunciará a licitación das obras da reforma da Avenida de Pose, a mellora do camiño A Lamela – Souto e acometidas e cambio de tubaxes de saneamento, pluviais e saneamento na República Arxentina, o saneamento no Loureiro, no Castro, a Capela de San Roque e a cuberta do Pavillón de Mondego todas por procedemento aberto.

O sr. López fai un rogo para declarar “animales non gratos” ós roedores en Sada e que busquen unha solución ó problema, dado que xa vén de meses atrás e provoca as queixas de moitos veciños.

O sr. López fai outro rogo, referente ó apartado da web municipal de incidencias, que está a dar fallos nas últimas semanas, polo que non se están recibindo os correos dos veciños e roga a vixilancia neste asunto por parte do Concello xa que é un canle importante de comunicación dos veciños co Concello, ó que contesta o sr. Alcalde dicindo que non ten constancia da existencia deses fallos.

O sr. Anido lle pregunta ó sr. Montouto se quere dicir que non se pode facer un Plan Especial sen ter aprobado o Plan Xeral de Ordenación Municipal, ó que contesta o sr. Montouto que non se pode nin se vai facer un Plan Especial cunha ordenación urbanística provisional.

Pregunta o sr. Anido ó sr. Alcalde como está ou se se fixo algo con respecto a unha vivenda unifamiliar con referencia catastral que consta no escrito do 30 de xuño de 2017 (9708503NJ5090N001AE), ao que o Sr. Alcalde resposta que lle contestarán en urbanismo, engadindo con respecto á pregunta anterior do Plan Especial do GM do PP que dixeron que non votarían a favor do N.L. das Brañas mentres non estivera aprobado o PXOM.

O sr. Anido pregunta tamén a que conclusións chegaron co mesmo Pleno extraordinario do 9 de agosto do 2007, cando tamén estaban no goberno de Sada, con respecto á declaración de BIC.

Outra pregunta do sr. Anido ó sr. Alcalde é se este é intermediario ou está implicado nas negociacións de empresas privadas, como é a propietaria do edificio do Hotel, cos futuros propietarios.

O sr. Alcalde contesta ó sr. Anido, negando que actúe de intermediario e que o único que fixeron foi recibir a xente que viña preguntando polas condicións da concesión do hotel e se lles deu a información como se pode dar a calquera outro veciño do Concello.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e tres minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, a Secretaría Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por esta Secretaría Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-